




PLATÓN (428-347 a.C.)

Como se ve, foi un home lonxevo (80 anos de vida); ao longo dela, o seu pensamento non deixou de evolucionar constantemente: novas buscas, novos contactos, novas dúbidas dan testemuña da súa vitalidade intelectual. Deste xeito, a teoría proposta e defendida por el nun momento da súa vida é cuestionada como consecuencia de novas vivencias e reflexións.

En canto ao seu **CONTEXTO VITAL e FILOSÓFICO**, compre dicir que Platón era un home de familia aristocrática con grande interés pola política de Atenas. (Estaba emparentado con antigos reis e lexisladores)

Aos 20 anos, e co fin de se preparar para o seu obxectivo na vida, a actividade política, comezou os seus contactos con Sócrates.

Ao ser derrotada Atenas, xusto cando el contaba 24 anos, os vencedores espartanos impuxeron un réxime non-democrático (o goberno dos Trinta Tiranos). Este, no que participaban parentes de Platón non foi quen de establecer a orde e actuar xustamente: isto levouno ao desencanto.

O descontento xeral e varios conflitos populares conduciron, ao cabo dun ano, ao restablecemento da democracia. Nesta nova etapa é cando o seu mestre é xulgado e condeado a morte. Parece que este segundo desastre político alterou as profundas inquietudes de Platón: a inestabilidade e as inxustizas que viviu de cerca fixeron que desistise do seu interese polos asuntos públicos se preocupase por cuestións máis teóricas.

A herdanza de **Sócrates** non se limita á influencia que terá a súa morte neste cambio de orientación. Tamén, e sobre todo, a concepción da filosofía como unha actividade dinámica na que da mutua interacción xorde a verdade. Platón empregou sempre a dialéctica ou “arte do diálogo” como camiño que ascende cara a verdade, e consideraba que se trataba do método propio, o máis característico, da actividade filosófica. Na dialéctica, dúas posicións opostas van cambiando, sucesivamente, pola influencia que se exercen mutuamente. Os interlocutores argumentan, defenden

e opoñen opinións contrarias sobre un tema, oposicións das que finalmente xorde unha solución na que ambos os interlocutores coinciden.

A raíz da morte de Sócrates, Platón sufriu unha profunda crise vital, política e filosófica que o levou a emprender diversas viaxes. A primeira delas, a Sicilia, cando tiña 40 anos, puxoo en contacto coa comunidade pitagórica, que lle mostrou a posibilidade dun coñecemento sólido e indiscutible: o dos **mathemata**. Dos **pitagóricos** herdou a idea de inmortalidade e transmigración da alma, a explicación do mundo físico mediante entidades matemáticas e a concepción comunitaria do modo de vida filosófico. Así, a herdanza socrática ampliouse co saber matemático dos pitagóricos.

Ao regresar a Atenas, Platón fundou, ao lado do santuario adicado ao heroe Academo, unha escola que se vai converter en centro da actividade cultural durante oito séculos: a Academia. Estaba inspirada nas comunidades pitagóricas, pero, a diferenza delas, aquí reinaba unha grande liberdade intelectual.

Na **Academia** estudábase unha grande diversidade de materias. Neste sentido constituía a antítese da educación sofista. Lembra que os sofistas foran grandes pedagogos e instructores, pero limitaban a súa ensinanza ao relacionado coa arte de falar e convencer, é dicir, o necesario para triunfar na vida pública. En cambio, aquí estudábanse matemáticas, música, astronomía...materias que Platón condideraba imprescindibles para formar homes verdadeiramente válidos para a política: e como cúmio dos estudos académicos sempre se atopaba a filosofía.

Ainda que non debemos nunca esquecer que o obxectivo de Platón era fundamentalmente práctico ou político, tamén era consciente de que este obxectivo require primeiro a análise doutras cuestións.

A busca da organización xusta e ideal da vida social e política esixe, antes, falar de cuestións filosóficas básicas, tales como establecer que é a realidade e como se pode coñecer (**ontoloxía** e **epistemoloxía** -ou gnoseoloxía).

REALIDADE e COÑECIMENTO en Platón preséntanse na chamada **TEORÍA DAS IDEAS**. Nesta teoría, o filósofo realiza unha síntese de anteriores doutrinas (sobre a natureza nos presocráticos, sobre o ser humano en sofistas e Sócrates). Toma de Parménides a concepción segundo a cal a realidade é eterna e inamovible, e de Heráclito sobre o perpetuo fluir das cousas. Platón ofrece unha **solución conciliadora á oposición permanencia -cambio**. Ao mesmo tempo, esta teoría ofrece tamén unha alternativa ao relativismo e escepticismo dos sofistas, e dalle base teórica ao optimismo socrático sobre as capacidades humanas de coñecemento. Como fondo desta base, as certezas matemáticas dos pitagóricos, claros exemplos de verdades eternas.

Cando observo o mundo que me rodea, constato un mundo como o que me describe Heráclito: vexo temporalidade, é dicir, cousas que cambian e flúen constantemente, que non perduran. Pero, que pasa se miro cos ollos da mente? *Ver cos ollos da mente* quere dicir, por exemplo, máis aló deste acto de valentía concreto dun héroe, ver o que é propio do valor dos héroes. Ou, noutro exemplo, mirar máis aló deste belo rostro, a perfecta beleza. En resumo, ver cos ollos da mente é coñecer os **modelos**, as **formas**, a **esencia** das cousas, o que teñen en común todos os obxectos do mesmo tipo: captar a súa idea.


A teoría das ideas afirma a existencia dunhas entidades inmateriais, absolutas, inmutables, perfectas, universais e independentes do mundo físico. Son as **ideas** do mundo intelixible. Os obxectos e fenómenos que nos rodean (a miña casa, a árbore, a tristeza pola túa despedida) son

cambiantes e continxentes. A casa pode derrubarse, a árbore arder, a tristeza esvaeerse. Pero é que para Platón non son senón copias ou imitacións da verdadeira realidade: a teoría postula a existencia de dous mundos, o excelso e perenne das ideas, e, por outro lado, o imperfecto e fugaz mundo das cousas. (**Mundo intelixible** e **mundo sensible**)

En *Timeo*, Platón ofrécenos un relato no que explica a relación existente entre o mundo sensible e o mundo das ideas. O mito narra que na orixe existían o mundo das ideas e o Demiurgo (supremo artesán ou facedor) e unha masa caótica e informe (materia imperfecta, cambiante e desordeada). Pois ben, conta o mito que o Demiurgo, ao tomar o mundo das ideas como modelo foi traballando igual que un escultor sobre esa masa, introducindo nela a **orde** e a **harmonía** propias do intelixible. Introduciu pouco a pouco a estrutura do mundo dos arquetipos eternos e ideais nesta materia informe, de tal maneira que xerou o que agora denominamos mundo sensible.

O **mito do Demiurgo** ilústranos acerca de que o noso mundo non é outra cousa que unha copia imperfecta do mundo das ideas. O noso mundo sensible non é un caos (desorde), senón un **cosmos** (orde) porque está organizado segundo a **harmonía matemática** reinante no plano intelixible. Deste modo, cabe entender cada obxecto físico como unha materialización particular dunha idea universal eterna e inmutable, como unha réplica en materia dunha idea inmaterial.

Como ves, para transmitir algunha das súas teorías máis complexas a miúdo Platón recurría á metáfora, ao símil ou ao mito. Probablemente o máis famoso sexa o **mito da caverna**. É unha alegoría da teoría das ideas e, tamén, un retrato antropolóxico da conflitiva situación humana en relación á existencia e ao coñecemento. A partir deste mito, podemos descubrir as pezas básicas do camiño que trazou Platón para acceder ao coñecemento.



O home encadeado no interior da escuridade simboliza a condición humana inicial (ignorancia): o mundo do interior da caverna é o mundo das cousas. O camiño de saída representa o proceso de **COÑECEMENTO**. Deste xeito, os dous mundos do mito correspóndense cos da súa ontoloxía e o escarpado e dificultoso camiño de saída móstranos o difícil acceso ao coñecemento. Como vemos, a a teoría das ideas (Ontoloxía) e a teoría do coñecemento (Epistemoloxía -ou Gnoseoloxía) están entrelazadas.

No libro VI da República, Platón expón, servíndose dunha liña partida en segmentos, os diferentes niveis do coñecemento (así mesmo, a estes correspóndenlles tamén distintos niveis de realidade).

Despois de dividir o segmento que representa o nivel sensible da realidade en imaxes e obxectos físicos, o texto platónico continúa con Sócrates explicando como se debe dividir o segmento correspondente ao mundo intelixible: o ámbito dos obxectos matemáticos e o das ideas.

As catro clases de obxectos resultantes, dúas sensibles e dúas intelixibles correspóndense con catro operacións mentais que definen vías de coñecemento diferentes. Respecto das imaxes (sombras das cousas no fondo da caverna), só podemos ter conxecturas (“imaxino que”). E o coñecemento das cousas físicas, que son copias aparentes da verdadeira realidade (os obxectos proxectados polo lume tras do muro na caverna) sería crenza (“creo que”). Ambos non son máis que opinións (doxa).

Con respecto aos obxectos matemáticos, a nosa vía de coñecemento é o pensamento razoado, deductivo: a razón discursiva (“deduzo que”). A ferramenta para o coñecemento máis alto, o das ideas, é, para Platón a intelixencia pura: razón intuitiva (dianoética) – a única que pode acceder á verdadeira realidade, á verdade. O coñecemento da razón discursiva e da razón intuitiva ou dianoética constitúen xa coñecemento pleno (episteme).

Como é posible este último e máis elevado nivel de coñecemento explícao Platón mediante o concepto de REMINISCENCIA. Segundo isto, en nós, na nosa alma, desde sempre, en estado latente, hai pegadas ou sinais das ideas. Polo tanto, o único que se debe facer é espertar, faceer emerxer o que xa estaba en nós. Así, coñecer, aprender, non son nada máis que evocar ou recordar estas ideas.